



5G: novos modelos de negocio analizados por especialistas de R nun almuerzo dixital

- ***Javier Franco (produto e solucións de R) e Pedro Herbelo (produto B2B e servizos de voz de R) falaron polo miúdo da evolución das redes sen fíos e ofreceron unha visión global do estado da tecnoloxía 5G como posibilitadora de modelos de negocio presentes e futuros.***
- ***Os almozos R, que este ano se desenvolven en formato virtual para adaptarse ás esixencias de seguridade da crise sanitaria, están a ter unha moi boa acollida no sector empresarial galego.***
- ***Os cambios no modelo de negocio “requiren unha coordinación idónea entre os fabricantes de tecnoloxía, os operadores de telecomunicacións, as administracións e as empresas”, asegurou Herbelo.***
- ***Utilizando as facilidades tecnolóxicas que ofrece SDWAN, “as empresas poden xestionar e visualizar autonomamente o que ocorre na rede (...) poñendo o foco nas aplicacións de negocio, afirmou Javier Franco no encontro.***

Xoves, 10 de decembro de 2020.- Tan só dúas semanas despois do almuerzo dixital R sobre Intelixencia Artificial e dixitalización, o operador galego reuniu de novo esta mañá a preto de 70 profesionais do sector noutro encontro *online*, cuxa temática xirou, desta volta, arredor da tecnoloxía 5G e as redes de última xeración.

“Comunicacións do futuro: 5G e SDWAN” foi o título do almuerzo dixital **R** de hoxe, no que se falou da evolución das redes sen fíos e se fixo unha aproximación o máis realista posible ao estado da tecnoloxía 5G na actualidade. Para esmiuzar estes e outros temas relacionados interviron no encontro virtual Javier Franco, responsable de Produto e Solucións de **R** e do Grupo Euskaltel e máis Pedro Herbelo, responsable do produto B2B e servizos de voz de **R** e do Grupo.

5G, dinamizadora de novos modelos

Pedro Herbelo salientou o inxente potencial da tecnoloxía 5G á hora de impulsar novos casos de uso especialmente en contornas empresariais. *“As capacidades desta tecnoloxía, chamada ineludiblemente a convivir connosco de agora en adiante, está a permitir a concepción dun ecosistema empresarial completamente diferente ao que tiñamos ata hai poucos anos. (...)*

“A tecnoloxía 5G, engadiu Herbelo, vai ser un importante habilitador para impulsar a dixitalización das empresas, pois permitirá actuar en escenarios onde o mínimo retardo da rede, a alta densidade de usuarios, a eficiencia enerxética ou un elevado ancho de banda sexan críticos para o servizo. E non falamos de lles dar ‘de todo a todos’, se non de asignar diferentes prestacións segundo o servizo grazas ás potencialidades da tecnoloxía móbil. Trátase dun cambio de modelo que evoluciona parello á eclosión das redes e dos servizos na nube e que, en todo caso, require unha coordinación idónea entre os fabricantes de tecnoloxía, os operadores de telecomunicacións, as administracións e as empresas”.

No almuerzo dixital puxéronse tamén sobre a mesa as vantaxes da evolución destas redes de futuro. Dunha banda, a empresa ten a propiedade e o control da infraestrutura, co que pode adaptala ás súas necesidades de configuración en virtude, por exemplo, da cobertura que precise. A velocidade da rede, así mesmo, queda garantida, pois como non se comparten recursos con ningún outro usuario, as comunicacións están sempre dispoñibles e dimensionadas. Por outra parte, a empresa pode cribar a información que fica na empresa e a que pode saír fóra, afianzando a seguridade dos seus datos.

SDWAN: Software-Defined Wide Area Network

Outra evolución tecnolóxica de interese para o mundo da empresa da que se falou polo miúdo no almuerzo dixital desta mañá foi a chamada SDWAN que, en suma, permite, segundo explicou Javier Franco, *“construír unha rede privada virtualizada utilizando conectividade pública ou privada, cun despregamento de rede sinxelo. A idea -dixo- é poñer o foco nas aplicacións de negocio, utilizando as facilidades que proporciona a tecnoloxía para que as empresas, de maneira autónoma, poidan xestionar e visualizar o que ocorre na rede”.*

Analizouse, así mesmo, cal é a aportación de valor real desta tecnoloxía para as organizacións e en que casos concretos lles pode realmente ser de utilidade. Tamén se tiveron en conta aspectos de ciberseguridade, e fíxose unha reflexión sobre o estado da tecnoloxía e o mercado. *“O valor de SDWAN non hai que buscalo tanto nun aforro de custos coma no feito de dispoñer de capacidades e funcionalidades diferentes que non incorporan outras solucións de rede privada”*, salientou Javier Franco.

